



DECLARACIÓN RESPONSABLE - INICIO DE ACTIVIDADE RECREATIVA (CP-7)

Descrición

Con carácter xeral, están suxeitas ao tramite de declaración responsable de inicio de actividade recreativa a instalación, implantación ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial, incluída no Catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia, agás aquelas suxeitas ao trámite de licenza:

- a) A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas que se desenvolvan en establecementos públicos cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, consonte o disposto na normativa técnica en vigor.
- b) A instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas ao establecemento.
- c) A celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles.
- d) A celebración dos espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas que se desenvolvan en máis dun termo municipal.
- e) A celebración dos espectáculos e festexos taurinos.
- f) A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas cuxa normativa específica esixa a concesión de autorización.

Requisitos de iniciación

Con carácter previo á apertura do establecemento, á organización do espectáculo público ou ao inicio da actividade recreativa, as persoas interesadas deberán presentar unha declaración responsable dirixida ao concello respectivo, coa cal poñerán en coñecemento da Administración competente os datos esixidos pola lexislación vixente.

Documentación Obrigatoria

- Documento acreditativo da dispoñibilidade do local (contrato de arrendamento ou título de propiedade)
- Autoliquidación de taxa: Autoliquidación da taxa pola tramitación administrativa
- Xustificación do pagamento da taxa: Recibo de pagamento da Tesourería Municipal ou xustificante de ingreso en conta.
- Informe acústico elaborado a partir de medicións no local, ou ben declaración responsable de que a actividade non superará, en calquera horario, os 75dB.
- Póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatoria, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia: Consonte a D.T.3ª da lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, mentres non se produza o desenvolvemento regulamentario previsto no artigo 8, os capitais mínimos que deberán cubrir, no seu conxunto, as pólizas de seguro nel exixidas terán as seguintes contías, atendendo a capacidade: Ata 100 persoas: 300.000 €; ata 150 persoas: 400.000 €; ata 300 persoas: 600.000 €; ata 500 persoas: 750.000 €; ata 1.000 persoas: 900.000€; ata 1.500 persoas: 1.200.000€; ata 2.500 persoas: 1.600.000 €; ata 5.000 persoas: 2.000.000€. Cando a capacidade sexa superior, incrementarase en 60.000€ por cada 1.000 persoas ou fracción de capacidade superior a 5.000 persoas, ata chegar a 6.000.000 €.
- Recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou a copia destes

Documentación segundo o caso

- Acreditación da representación: Quen compareza ou asine en representación doutra, acompañará ademais un documento que acredite debidamente a devandita representación (autorización expresa, poder notarial ou declaración responsable). Nos casos de persoas xurídicas, documentación acreditativa da representación e escritura ou documento de constitución e/ou estatutos ou a acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.
- Se foron realizadas obras de adaptación: certificación de fin de obra asinada polo/la técnico/a director/a das obras
- Se non son precisas obras de adaptación:



FOLLA INFORMATIVA DE TRAMITACIÓN URBANÍSTICA

- Memoria de actividade, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos, firmada por técnico competente: Memoria da actividade, coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos, asinada por un técnico competente. incluíra a descrición detallada das características da actividade e das características técnicas da maquinaria e instalacións necesarias, indicando para cada elemento a súa potencia, expresada en C.V. para as máquinas con motor e en kW para o resto, así como as medidas correctoras que cómpre aplicar de acordo coa natureza da actividade e instalacións previstas. Xustificarse que o local é apto para o novo uso consonte a normativa aplicable e con especial referencia ao cumprimento das condicións de estabilidade, illamento térmico e acústico e seguridade contra incendios precisas para o uso pretendido. Deberanse incluír planos de situación e localización do local no que se pretende a actividade, así como planos acoutados de planta, alzado e sección do local, con indicación do uso das diferentes dependencias, a maquinaria, a situación das saídas, comunicacións etc., e as instalacións de protección contra incendios.
- Autorizacións e informes sectoriais que sexan preceptivos.
- Reportaxe fotográfica, incluídas fotografías da totalidade de fachada e do interior do local, subscrita pola persoa solicitante.
- Nos casos de presentar documentación técnica sen visar: declaración responsable (ou certificado colexial) do/a técnico/a competente na que figuren os seus datos persoais e profesionais de xeito que permita a súa identificación e na que se acredite que non está inhabilitado/a ou incurso/a en causa de incompatibilidade.
- Se a actividade está suxeita a incidencia ambiental: declaración de incidencia ambiental, copia do proxecto de obra e actividade asinado por técnico/a competente e certificación do/a técnico/a ou dos/as técnicos/as facultativos/as que autoricen o proxecto de que este cumpre coa normativa técnica de aplicación.

Observacións

EPÍGRAFES CONTIDOS NO CATÁLOGO DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS, ACTIVIDADES RECREATIVAS E ESTABLECEMENTOS ABERTOS AO PÚBLICO:

I. Espectáculos públicos

- I.1. Espectáculos cinematográficos
- I.2. Espectáculos teatrais e musicais
- I.3. Espectáculos taurinos
- I.4. Espectáculos circenses
- I.5. Espectáculos deportivos
- I.6. Espectáculos feirais e de exhibición
- I.7. Espectáculos pirotécnicos

- III.1.1. Cines
- III.1.2. Teatros
- III.1.3. Auditorios
- III.1.4. Circos
- III.1.5. Prazas de touros
- III.1.6. Establecementos de espectáculos deportivos
- III.1.7. Recintos feirais

II. Actividades recreativas

- II.1. Actividades culturais e sociais
- II.2. Actividades deportivas
- II.3. Actividades de ocio e entretemento
- II.4. Atraccións recreativas
- II.5. Festas e verbenas populares
- II.6. Xogos de sorte, envite ou azar
- II.7. Actividades de restauración
- II.8. Actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas

- III.2. Establecementos de actividades recreativas
 - III.2.1. Establecementos de xogo
 - III.2.2. Establecementos para actividades deportivas
 - III.2.3. Establecementos para atraccións e xogos recreativos
 - III.2.4. Establecementos para actividades culturais e sociais
 - III.2.5. Establecementos de restauración
 - III.2.6. Establecementos para actividades zoolóxicas, botánicas e xeolóxicas
 - III.2.7. Establecementos de ocio e entretemento
 - III.2.8. Centros de ocio infantil

III. Establecementos abertos ao público

- III.1. Establecementos de espectáculos públicos